

CULTUR@ LVCVS

PROGRAMA DE ACTIVIDADES AMBIENTAIS

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E INTERPRETACIÓN AMBIENTAL PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE LUGO.

O Concello de Lugo, a través do obradoiro de emprego Cultur@ Lvcvs, promove un programa de actividades de interpretación e educación ambiental destinado tanto aos centros educativos, centros socioculturais, asociacións como ao público en xeral; coa finalidade de promover o coñecemento da nosa contorna natural e poñer de manifesto o seu valor, non só ambiental, senón tamén como espazo de aprendizaxe e lecer.

As accións programadas inclúen diversas actividades didácticas, así como a posibilidade de facer visitas interpretadas a diferentes tramos da Vía Romana XIX e do Camiño Primitivo ao seu paso polo Concello de Lugo.

SOLICITUDES DE INSCRIPCIÓN

As actividades desenvolveranse entre o 19 de outubro de 2015 e o 31 de xaneiro de 2016.

As solicitudes deberán ir dirixidas ao Obradoiro de emprego Cultur@ Lvcvs a través do correo electrónico:

obradoiro@concellodelugo.org.

A solicitude non supón a reserva da praza hasta que con sexa confirmada polo obradoiro de emprego.

As reservas adxudicaranse por orde de recepción.

Contacto:

Obradoiro de emprego CULTUR@ LVCVS
Teléfono 982 297 479
obradoiro@ concellodelugo.org

DURACIÓN

90 Minutos

DESTINATARIOS

Contidos adaptables a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos

PARTICIPANTES

Grupos de entre 10 e 50 persoas

LOCALIZACIÓN

Romeán

CALENDARIO

A partir do 19 de outubro

AS NOSAS ÁRBORES NO OUTONO

OBXECTIVOS

- Coñecer as nosas árbores autóctonas: castiñeiros, carballos, abelairas, nogueiras, mazairas…
- Observar as diferenzas entre estas especies
- Identificar os froitos de outono no bosque: castañas, noces, abelás, froitos silvestres, cogomelos…
- Valorar a importancia dos froitos de outono
- Gozar dun paseo polo medio natural

DESENVOLVEMENTO:

Esta actividade comeza dando un pequeno paseo de exploración do entorno.

Faranse paradas para apreciar as diferenzas no porte, nas follas, nas cortizas e nos froitos dos castiñeiros, carballos, abeleiras, nogueiras e maceiras.

Tratarase a importancia alimenticia dos froitos de outono distinguindo entre os froitos secos e carnosos.

Recolleremos material para poder preparar un caderno de campo onde aparezan reflectidas todas as cousas que aprendemos acerca das árbores.

DURACIÓN

90 minutos

DESTINATARIOS

Contidos adaptables a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos

PARTICIPANTES

Grupos de entre 10 e 50 persoas

LOCALIZACIÓN

Paseo do Miño

CALENDARIO

A partir do 2 de novembro

OUTONO NOS SENTIDOS

OBXECTIVOS

- Estimular o uso dos sentidos para apreciar á natureza
- Recoñecer os colores, os olores e os sabores característicos do outono
- Fomentar o uso da imaxinación
- Explorar a faceta artística de cada participante
- Gozar co traballo colaborativo.

DESENVOLVEMENTO:

Esta actividade combina a exploración da natureza e a estimulación dos sentidos.

Establécense 5 áreas sensoriais: o ouvido, o gusto, o tacto, o olfacto e a vista. Os participantes irán rotando e pasando por cada unha delas para experimentar as cores, olores, sabores, texturas... propias da nosa contorna no outono.

Con todas estas sensacións crearán, en grupo, unha paisaxe *land art* que mostrará como é o outono segundo os seus sentidos.

DURACIÓN

90 minutos

DESTINATARIOS

Contidos adaptables a nenos e nenas de entre 3 e 8 anos

PARTICIPANTES

Grupos de entre 10 e 50 persoas

LOCALIZACIÓN

Parque Rosalía

CALENDARIO

A partir do 16 de novembro

¿CAL SERÁ O MEU LUGAR?

OBXECTIVOS

- Comprender que os animais presentan adaptacións ao medio no que viven.
- Coñecer algunhas desas adaptacións
- Valorar a importancia da conservación dese medio para a supervivencia deses animais.
- Valorar o traballo en equipo na consecución de obxectivos
- Fomentar o coidado das zonas verdes e outros espazos naturais

DESENVOLVEMENTO:

O xogo, ao ser unha actividade divertida, é un mecanismo perfecto para a aprendizaxe, para a socialización, para fortalecer habilidades e condutas e para desenvolver a personalidade. Nesta proposta, os participantes, mediante un xogo de pistas / orientación, irán descubrindo que características dos animais os fan máis axeitados para vivir nun lugar ou noutro.

Traballarase tamén a orientación espacial co uso de bosquexos e conceptos sinxelos como dereita /esquerda, ao carón, detrás, máis aló, etc.

DURACIÓN

90 minutos

DESTINATARIOS

Contidos adaptables a nenos e nenas de entre 9 e 12 anos

PARTICIPANTES

Grupos de entre 10 e 50 persoas

LOCALIZACIÓN

Parque Rosalía

CALENDARIO

A partir do 16 de novembro

A VOLTA AO MUNDO A TRAVÉS DAS ÁRBORES

OBXECTIVOS

- Comprender que hai árbores autóctonas e foráneas.
- Aprender a interpretar un mapa, esbozo e equipos de orientación no medio.
- Coñecer as características básicas de 5 ou 6 árbores do parque
- Valorar o traballo en equipo na consecución de obxectivos
- Fomentar o coidado das zonas verdes e outros espazos naturais

DESENVOLVEMENTO:

O xogo, ao ser unha actividade divertida, é un mecanismo perfecto para a aprendizaxe , para a socialización, para fortalecer habilidades e condutas e para desenvolver a personalidade. Nesta proposta, os participantes, mediante un xogo de pistas / orientación, irán descubrindo as características e orixe dalgunhas das árbores do parque.

Traballarase tamén a orientación espacial co uso de esbozos, compás e os conceptos norte, sur, leste, oeste.

DURACIÓN

60 minutos

DESTINATARIOS

Contidos adaptables a nenos e nenas de entre 9 e 12 anos

PARTICIPANTES

Correspondentes a 1 aula

LOCALIZACIÓN

Centro escolar

MATERIAL

Precísase un aula ampla ou ximnasio

CALENDARIO

A partir do 30 de novembro

ADIVIÑA AS REGRAS DO XOGO!

OBXECTIVOS

- Valorar a importancia das nosas decisións como consumidores
- Apreciar as vantaxes dos produtos de tempada, de proximidade e frescos
- Coñecer os impactos que xeran algúns dos produtos que consumimos

DESENVOLVEMENTO:

Esta é unha actividade de educación ambiental sobre o consumo responsable. Mediante un xogo de simulación da realidade quérese poñer de manifesto a nosa responsabilidade á hora de escoller e mercar aqueles produtos que son ecoloxicamente máis sostibles.

Traballaranse conceptos como "produto de tempada ou de fóra de tempada", "produto de proximidade", produto de importación ademais dos tipos e cantidades de embalaxes.

DURACIÓN

90 Minutos

DISTANCIA

3Km

DIFICULTADE

Baixa

DESTINATARIOS

A partir de 10 anos

PARTICIPANTES

Entre 10 e 20

LOCALIZACIÓN

Bacurín

MATERIAL

Recoméndase traer roupa e calzado axeitados para camiñar

CALENDARIO

A partir do 2 de novembro

RUTA INTERPRETATIVA POR BACURÍN

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a beleza deste tramo do Camiño Primitivo usando técnicas interpretativas.
- Gozar do tempo de lecer no medio natural
- Promover o coidado da nosa contorna natural
- Valorar o camiño primitovo como ruta cultural

DESENVOLVEMENTO:

A actividade dará comezo por un sendeiro entre frondosas que sae dende a estrada LU-P2901 pouco despois do lugar de A Uceira.

Pasaremos pola aldea de Bacurín, veremos a igrexa e o pazo de San Miguel para rematar de novo na estrada LU-P2901 antes da aldea de Hospital.

En total percorreremos 3 Km entre castiñeiros, abruñeiros, acivros, fentos e xestas por unha paisaxe de gran beleza.



DURACIÓN

150 Minutos

DISTANCIA

5 Km

DIFICULTADE

Baixa

DESTINATARIOS

A partir de 10 anos

PARTICIPANTES

Entre 10 e 25

LOCALIZACIÓN

Bacurín

MATERIAL

Recoméndase traer roupa e calzado axeitados para camiñar

CALENDARIO

A partir do 2 de novembro

RUTA GUIADA NUN TRAMO DA VÍA ROMANA XIX DO ITINERARIO DE ANTONINO

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer este tramo da Vía Romana XIX .
- Visitar o templo de Santa Eulalia de Bóveda
- Visitar as aldeas protexidas de Vilar e Valín

DESENVOLVEMENTO:

Percorreremos o primeiro tramo do concello de Lugo da Vía Romana XIX procedente de Braga.

Partimos das proximidades da aldea de Crecente, pasaremos por Valín , Vilar e cabanas para rematar coa visita ao templo de Santa Eulalia de Bóveda.

En total camiñaremos uns 5 Km por estradas pouco transitadas atravesando aldeas semiabandonadas e unha paisaxe moi representativa do rural galego.



CULTUR@ LVCVS

OBRADOIRO DE EMPREGO

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL
UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
ESCOLAS OBRADOIRO
CASAS DE OFICIOS
OBRADOIROS DE EMPREGO (1)
Concello de Lugo
XUNTA DE GALICIA